

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

8322 *Real decreto 637/2010, do 14 de maio, polo que se prevé a incorporación dos deportistas de alto nivel ás Forzas e Corpos de Seguridade do Estado.*

En desenvolvemento da Lei 10/1990, do 15 de outubro, do deporte, o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento, estableceu as condicións, requisitos e procedementos para a cualificación dos deportistas de alto nivel e de alto rendemento, así como as medidas para fomentar a súa integración nos diferentes ciclos do sistema educativo e, no caso de deportistas de alto nivel, outro tipo de medidas para fomentar a dedicación ao deporte de alta competición, a súa preparación técnica, así como a inserción na vida laboral e social.

Entre as medidas de fomento da inserción na vida laboral e social dos deportistas de alto nivel e alto rendemento, o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, establece no seu artigo 11 as medidas para a incorporación e permanencia dos deportistas de alto nivel nos corpos dependentes da Administración xeral do Estado. En particular, dispónse que as convocatorias ás probas de acceso aos corpos e forzas de seguridade do Estado considerarán como mérito ter alcanzado nos últimos cinco anos a condición de deportista de alto nivel, sempre que estea prevista naquelas a valoración de méritos específicos. Así mesmo, prevese a valoración deste mesmo mérito para a provisión de destinos relacionados coas actividades físicas e deportivas.

Polo tanto, aprobáronse unha serie de medidas que permiten fomentar o deporte de alta competición ofrecendo unha inserción no mercado laboral nun sector que ten a exigencia dunha condición física adecuada como un dos seus piares, á vez que permite enriquecer o persoal da Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil. Desta maneira facilítase a integración no Corpo Nacional de Policía e no corpo da Garda Civil de efectivos dotados dun compoñente físico e de sacrificio persoal ao máis alto nivel, e prodúcese unha sinerxía entre o fomento do deporte e a mellora dos recursos humanos das forzas e corpos de seguridade do Estado.

Este real decreto parte do anteriormente citado Real decreto 971/2007, do 13 de xullo. O seu obxecto, non obstante, é a individualización, homoxeneización e ampliación da regulación do mérito de ter sido deportista de alto nivel para o acceso e a provisión de destinos no ámbito das forzas e corpos de seguridade do Estado. Efectivamente, é obxecto desta norma a regulación do mérito de ter posuído a condición de deportista de alto nivel, tanto para as probas selectivas onde estea prevista a valoración de méritos específicos como nos concursos para a provisión de postos de traballo que estean relacionados coa actividade deportiva.

Para proceder á adaptación e desenvolvemento que este real decreto se propón e para preservar o principio de seguridade xurídica e claridade normativa, este real decreto modifica parcialmente o Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, o Regulamento xeral de ingreso nos centros docentes da Garda Civil, aprobado polo Real decreto 597/2002, do 28 de xuño, o Regulamento dos procesos selectivos e de formación do Corpo Nacional de Policía, aprobado polo Real decreto 614/1995, do 21 de abril, e a Orde do 30 de xuño de 1995 pola que se establece o baremo de méritos aplicable á promoción interna do Corpo Nacional de Policía.

O Consello de Policía e o Consello da Garda Civil emitiron informe sobre esta norma.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior, de Defensa e da Presidencia, de acordo co Consello de Estado e logo deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 14 de maio de 2010,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

É obxecto deste real decreto a consideración da condición de deportista de alto nivel como mérito avaliábel nas probas selectivas de acceso ás forzas e corpos de seguridade do Estado onde estea prevista a valoración de méritos específicos, de acordo coa definición do deporte de alto nivel establecida polo Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento.

Así mesmo, tamén se tomará en consideración a condición de deportista de alto nivel nos concursos para a provisión de destinos relacionados coas actividades físicas e deportivas.

Artigo 2. *Acceso ás forzas e corpos de seguridade do Estado.*

Os procesos selectivos de acceso ao Corpo Nacional de Policía e á Garda Civil, onde estea prevista a valoración de méritos específicos, considerarán como mérito ter alcanzado nos últimos cinco anos, contados desde a data de publicación da convocatoria, a condición de deportista de alto nivel. A avaliación deste mérito realizarase de acordo co establecido no anexo.

Artigo 3. *Provisión de destinos nas forzas e corpos de seguridade.*

Nos concursos de méritos que se convoquen na Dirección Xeral da Policía e da Garda Civil para a provisión de postos de traballo cuxas funcións e cometidos estean relacionados con actividades físicas e deportivas, valorarase como mérito ter posuído nos últimos cinco anos, contados desde a data de publicación da convocatoria, a condición de deportista de alto nivel. A avaliación deste mérito realizarase de acordo co establecido no anexo.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o anexo III da Orde INT/4008/2005, do 16 de decembro, incorporado á Orde do 30 de xuño de 1995, pola que se establece o baremo de méritos aplicable á promoción interna dos funcionarios do Corpo Nacional de Policía, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 971/2007, do 13 de xullo, sobre deportistas de alto nivel e alto rendemento.*

Engádesse o seguinte parágrafo ao número segundo do artigo 11:

«A valoración destes méritos farase de conformidade co establecido na normativa específica.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento xeral de ingreso nos centros docentes da Garda Civil, aprobado polo Real decreto 597/2002, do 28 de xuño.*

Engádesse a seguinte frase ao primeiro parágrafo do ordinal segundo do artigo 6:

«O mérito de ter posuído a condición de deportista de alto nivel valorarase de acordo coa normativa específica.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Regulamento dos procesos selectivos e de formación do Corpo Nacional de Policía, aprobado polo Real decreto 614/1995, do 21 de abril.*

Engádesse un último parágrafo ao artigo 2:

«Nas probas selectivas de acceso ao Corpo Nacional de Policía, onde estea prevista a valoración de méritos específicos, considerase como mérito ter alcanzado a condición

de deportista de alto nivel nos cinco últimos anos, contados desde a data de publicación da convocatoria. O dito mérito valorarase de acordo coa normativa específica.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación da disposición adicional quinta da Orde INT/4008/2005, do 16 de decembro, incorporada á Orde do 30 de xuño de 1995 pola que se establece o baremo de méritos aplicable á promoción interna dos funcionarios do Corpo Nacional de Policía.*

Dáse nova redacción a esta disposición adicional quinta, mantendo o seu actual rango normativo:

«Disposición adicional quinta. *Deportistas de alto nivel.*

Así mesmo, tamén será considerado como mérito para o ingreso e a promoción interna no Corpo Nacional de Policía ter alcanzado a condición de deportista de alto nivel nos últimos cinco anos, contados desde a data de publicación da convocatoria. O dito mérito será valorado de acordo co disposto na normativa específica.»

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Barcelona o 14 de maio de 2010

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO

Baremos

Incluídos no grupo de deportistas A: 0,35 puntos por cada ano.

Incluídos no grupo de deportistas B: 0,25 puntos por cada ano.

Incluídos no grupo de deportistas C: 0,20 puntos por cada ano.